

Mámoas dos Chaos de San Cibrao

040215

Datos de Localización

Túmulo Megalítico

Nomenclator:	3206703
Coord. UTM:	X: 594496 Y: 4667473
Concello:	Rairiz de Veiga
Parroquia:	GUILLAMIL
Lugar:	Quilmelas
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Túmulos Megalíticos
Subtipo:	Túmulo Megalítico



Denominación: Mámoas dos Chaos de San Cibrao

Etapa Histórica: Neolítico

Estilo relevante: Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

O mellor acceso é dende Nigueiroá. Cóllese a pista cara a Berredo e a continuación unha pista de terra á dereita que leva ao alto do Monte San Cibrao. Na chaira do monte, a uns 908 m. de altura e a uns 150 m. ao SE da capela, atópase a mámoa 1, cunha cámara de planta circular e forma troncocónica, sen corredor nin pedra de cubrición. Composta de dez ortostatos irregulares, fincados no chan de un grosor de entre 20 e 30 cm. e unha altura media de entre 1,5 e 1,8 m. O corredor, que ten unha orientación SO, está escavado, permitindo o acceso ao interior da cámara.

A 30 m. desta, e a 180 m. da Capela, atópase a segunda mámoa. Na cámara observanse 6 ortostatos graníticos, fincados verticalmente e de forma irregular, cun grosor de 20 e 30 cm. aproximadamente e cunha altura media que vai desde 1 aos 1,5 m. Non se observa corredor nin pedra cubrideira, e presenta planta circular e forma troncocónica. (cordeadas: x:594501.3800; y:4667441.6800).

A terceira mámoa atópase hoxe en día desaparecida. Segundo LÓPEZ CUEVILLAS, correspoderíase coa Mámoa número 1, que estaría situada a 40 m. ao sur da capela e que xa entón se atopaba moi arrasada. Nas fichas de Inventario de Patrimonio Arquelóxico afirmase que estaría situada ao Se ou ao E da capela e a 400 m. das outras dúas mámoas.

BIBLIOGRAFÍA:

-LÓPEZ CUEVILLAS, F. 1926: "As mámoas do Concello de Rairiz" en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. XV, pp. 235-245.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32067001.
-Plan Xeral de Ordenación Municipal de Rairiz de Veiga. Catálogo de Bens Culturais. Nº Ficha X_001.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Monte baixo

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: A mámoa 1 ten un cartel indicador fincado sobre o propio túmulo.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Aconsellable a retirada do cartel e acondicionamento da zona.

Bens Mobles













